

# A NÓSA TERRA



BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, o mes. 40 cts  
Fora, » 50 »  
Costo d'un número 10 »  
América 2 pts. trimestre

Número 8

= Redición =  
e administración:  
CANTÓN GRANDE  
= 16, BAIXO =

A CRUÑA  
25 XANEIRO

LIÑAS DE ARTE

## MÚSECA E POESÍA

Por L. Porteiro Garea.

Axuda que s'impon.

A primeira vez que oin cantar n'un featro "Negra sombra"... foi n-o Real de Madri a un coro catalán. N-a múseca, gracias á intervención d'o gramófono, derradeiramente comenzamos a esquecelo todo e non samente pol-as señoritas n-os pobos, senon as mozas d'as aldeas que cantan o

*Tápame, tápame*

e as peteneras segando na herba, c'un xeito de todol-os demos. ¡Qué grandeza, qué maxestá, qué misterio o do noso *a-la-lá* solene, lento, soave, cantado por un coro de mozas e mozos o anoitecer cando as sombras borran os contornos!... ¡Ouíno moitas veces, cando mozos e mozas volvían do traballo envoltos n-as primeiras somas da noite, e parecíame o *a-la-lá* un cantar sempre novo, un hino que saía da entrana mesma da terra encantada e que o ceu s'anifiaba pra escoital-o n-o silencio da escuridade y-envolveito n-as sedas da brétama...

Hemos loitar pol-o renacimiento da múseca—qu'é o linguaxe da y-alma n-os momentos subrímes—e alentar e axudar os coros com'o de Feixó, y-a total-as masas corales de Galicia pra que traballen por ese renacemento, máis ben cōn festas populares, que con refinamentos d'academia afogados n-as catro paredes d'un salón.

A crisis da nosa poesía.

Un dos resultados máis craros do abandono do idioma galego, é a falla de poetas de nervo, de freba, de alma que n'él escriban. O poeta castelao Díaz Canedo díxom'un día que n'era posible desenvolvemento poético en Galicia hoxe, porque a poesía soyo frorece n-o idioma que se falou e oíu falar den-d'o berce; e dándose en Galicia o caso de

qu'as xentes chamadas cultas, prescindisen e desterrasen da casa o galego, non habian estas despóis de moldear en galego as suas espresións poéticas, e si outra cousa fixesen, sería paródea, afeutación, poesía sin sultura, sin aas... Total: n-o idioma que non se fala d'ende berce—por moi perfeuto que sexa—non se formula o sentir y-o pensar poético.

De todas maneiras, comparede a produción galega dos derradeiros vinte anos, ca de Cataluña... e por moi patriotas que sexamos (eu creo qu'o pirmeiro deber do patriota é decir a verdá e non enganar os máis y-a si mesmo pintando realidade que n'eisiste) hemos de desistir da comparanza, porque n'é posibre a de valores efeutivos con outros pouco menos que imaxinarios. Refírome, enténdase ben, á nosa produción en galego, e sosteño qu'é proporcional ó que o falamos, quedando cuasi reducida ás cantigas sempre vellás e sempre novas dos mozos das nosas aldeas, ás loitas en verso antr'os mesmos diarreos da regueifa, e as poesías inxelas d'algún doido emigrante que de pe sobr'a popa

*d'un aleve negreiro vapor.*

como cantou o poeta, volv'os ollos y-o corazón ó fogar, sinte unha sacudida d'emoção n-a espiña, brincalle n'o peito o corazón e protesta e brasfema e cai ferido d'amor imenso á terra d'onde a inxusticia o vota... e sinte que lle rozan a testa as aas d'unha anduriña, e cántalle amores e lembranzas pra qu'a leve ó fogar ond'él quizáis non poida volver...

Ramón Cabanillas.

Dase o caso n-os momentos máis tristes e máis propios pró resurximento, de que aparece un home superior, enfermo d'hipertrofia d-o corazón, que sinte n'él todol-os

dores da patria, e adoecido vólvese á multitud, e unhas veces chamaa con tenruras de pai, e chega a axionllarse diant'ela non pra idolatral-a, senon pra pedirle qu'o oya, que volva en sí, que non se deixe morrer n-o colo imbécil d'a louvanería... E se con cariño non consigue despertal-a, revólvese, brangue a tralla, cruzall'a cara, sacúdea, aldráxea, faina sangar, dall'a ulir amoniaco... Se con eso despertou, volve a acarrial-a e a estimulal-a ó traballo, á vida groriosa, á loita... Pro se non desperta aínda, ruxirá o poeta fundamente, martirizará e será mártir, entrará n-a casa qu'arde pra sacar no colo os que dormen e entrará ruxindo, e brasfemando, e abrasado pol-as lapras, chegará siquera hastr'o berce dos nenos, saltará con eles pola fenestra, dará dez pasadas cego e morrerá... pr'os nenos viven... o mañá esta salvo.

Eses milagres no nos fai somentes—nin siquera principalmente—o saber, senon o querer. E máis os sabios frios, que pensan qu'o saber sin corazón sirve pra algo trascendental (cando sóilo é fonte de refinados egoísmos) rexuban a eses homes, e din que se contradixeron, que non foron siloxismos ambulantes, obedentes a unha lóxica académica e sin corazón que nada ten que ver ca vida.

Esos dixeron do gran español (pai de todo noso renacemento) Xaquín Costa.

Nós temos tamén o noso home. Non é un sabio, é un poeta, un enorme poeta tan grande como Curros, e ca ventaxa de qu'os seus versos, toman as formas que usan os grandes vates do mundo latino: Guerra Xunqueiro, Pubén, D'Anunzio.

Cabanillas é o cardíaco que ven á remover (supricando, mallando, escarnecendo) a nosa apatía, a espertarnos do sono mortal. Hémolos poñer por cabeza d'este movemento, que si pereisa moito estudio e moito sacrificio, ten as suas raíces n-o corazón—onde nacen os versos fortes, e allivos, y-os pianos y-amorosos de Cabanillas que todos manan da mesma fonte.—Estas sacudidas levan sempre diante un vate, un profeta, un rebelde (un tolo din as xentes porque predica ós que dormen) que loitando ca disgracia, ca cólera dos podrosos qu'embisten n'él com'o mar n-os baixos, co sono dos

medianos qu'o abandonan, e c'a probeza d'os probes que non s'atreven, vai pol-a terra asovallada aturuxando; pra ese poeta, qu'ie o noso guía, e pra Villar Ponte así como pro gran Aurelio Ribalta, e pra Rodrigo Sanz e Manoel Lúgris (os nosos mestres y-os nosos Quixotes) acabo pedindovos devoción y-aprauso.

## A CRUS SALVADORA

(CONTO)

¡Así Dios me salve coma conto verdá!—dicia Estebo, un mozo alto e forte coma un carballo.

—¿Qué che salvou a crus? vaia, ho, vaia; ti sei que coidas qu'inda estamos nos tempos en que se creia nos milagres o mesmo que no trasno—respondeulle Marcos, qu'era un rapaz moi lido e adendera unha chea de cousas na mentres estubo servindo a un señor da vila que tiña moita sabidencia.

—Xa está o verme co'as suas dúbidas, xa está cuspiendo veneno—dixo estonces Xaquín, o animeiro—. Inda ha chegar día en que me veñas pedir que te saque do Purgatorio, pero daquela ¡por estas!—e bicou na unlla do dedo gordo da man dereita—nin tan siquera unha esmola d'a perra hei d'adicar pol-a tua salvación.

Marcos riuse.

—Pero logo ¿eu n'hei d'ire ao inferno?

—Non te bulres, ho, non te bulres, que che pode custar caro.

—Deixade eso y-escoitade, si queredes, o meu conto—dixa daquela Estebo.

—Si, conta—pediu Marcos.

—Demóstralle á este herexe como ten mais poder unha crus do que pode ter unha carabina—dixo Xaquín.

—Veña logo á demostración; quero vere ese milagre.

—Xa sabedes—falou Estebo, qu'era ferreiro—que o crego de Meixigo mandoume arreglar a crus grande que lle partira, e pedíume que lla levara sen falta para o día de San Xian, que é a festa da freguesía. Eu quixeno servir e traballei n-ela hasta dala lista, cousa que me costou moito traballo porque eu n'estou afeito a eses labores, pero ao cabo, sei que Dios axuda a quen fai as cousas con voluntá, porque a crus quedou coma nova.

—¡E non ha d'axudar!—escramou Xaquín.

—Pois ben podía facel-o todo él solo—dixo Marcos.

—Eu conformábame con que fixera que aos que traballamos nos pagaran aquilo que precisamos pra vivir—falou Estebo.

—Uy, uy, uy; pedides cada cousa... Mira Estebo, sigue co teu conto e non nos metamos n-as cousas de Dios, que pode castigarnos.

—Boeno,—continuou Estebo—pois eu collín a crus, e dispúxenme a levarlla ao abade para cumprir co que me pedira e deixalo contento, inda que mellor quixera quedarme na casa a carón do lume e das castañas, porque nevara pol-a noite e iba un frío que pelaba.

Co'a crus á costas marchéi camiño adiante, somellando un penitente que fora a cumprir a súa promesa para salvárese do inferno... pero ao chegar á quenlle do Loureiro atopeime fronte á un lobo que me fitaba con ollos coruscantes.

Temendo algún encontro d'aqueles xa tivera a precaución de meter no peto un revólver cargado, así é que non me puxo medo a aparición senon que collín a arma e ¡pun! ¡pun! ceibeille dous tiros; pero o

condanado do lobo nin apañou ningún d'eles nin tan siquera tomou medo.

¡Recorciol! dixen eu para o meu chaleque, pois non quería gastar mais balas, que pode aparecerme outro e...

Pero non fuyen mais remedio e ¡pun! ¡pun! outros dous tiros que lle ceibeí coasi na mesma boca, fixéronlle o mesmo dano que os pormeiros. E o lobo rilando os dentes botábase a min doente por m'esnaquizar.

¡Este é o demo!, berréi xa con medo coitando que non tardaría en sentil-os añaños dentes da fera; pero dispareille o derradeiro tiro na mesma testa, a ver se o mataba d'unha ves.

—¿E non o mataches?—perguntou Marcos.

—E claro, ¡qué van a podel-os tiros contra o demo!—dixo sentenciosamente Xaquín.

—Daquela—segiu falando Estebo—lembreime da crus; solo ela pódeme salvar, penséi, e n-aquel mesmo instante...

—O lobo botou a fuxir, e romatouse o conto—dixo socarronamente Marcos.

—¡Estoupou coma un foguetel—retíficou Xaquín, mais entendido n-os milagres.

—Non—dixo Estebo—pegueille co'ela tal pau, que o deixei esmendrellado de ves.

LEANDRO CARRE.

## POSTALES GALLEGAS

### Un paisaxe do natural

*Unhas cidades mortas espiritualmente. Unhas aldeas asoballadas pol-o caciquismo; por unha taifa de ladróns ceibos. Almas analfabetas y-almas mortas. Ignoranza de xocos e ignoranza de botis á "dernier". Unha xuventude de sapos, xuventude sin ideás, sin fe, sin sangue.*

*Non hai corazón de vinte anos que non se sinta republicano, dicía Lamartine, antano. Si vivira ogano—e viñera a Galicia—trocaría aquela fermosa frase, pra berrar: "todol-os corazóns gallegos de vinte anos—poucas son as esceucións—laxexan somentes para o egoísmo e para a friolidá." Sepulcros de moita fachada, branqueados por dentro.*

*¿Quén leva eiqui unha estrela na fronte e no peito un cantar? Eiqui soyo grúñe o porco, de que falaba Marco Aurelio, nos corazóns dos mozos... e dos vellos e semivellos.*

*Cidades sin cidadanía—úneamente unhas manchas d'ela na clás obreira—; aldeas valdeiras de progreso, orfas de todo amparo. Fervenzas caciquis onde queira. Uns cantos señores y unhas milleiras d'esclavos. Nin soma de concencia colectiva, posto que non a hai individual. Ningún pensamento que teña o voo mais alto que o da galiña. Amores*

*e carraxes que duran o que o estoupe d'os foguetes. Envexa baixa; intencións ruins. Monos remedadores dos xeitos europeos. Loritos que chapurrean a fala dos seus amos. Foreiros do voto. Medo a todo. Dúbida ante todo. Nin frangullo de fe nin de dinidá. Laberquería e trasecuerdo sempre.*

*Unha charca grande; unha lameira abafada na que as rás humanas piden, non xa un rei, senon un axudante de un eriado d'un rei a quen lumberlle a man pra que lles dia mantenza folgada.*

*¿Qué Galicia morre? ¿Qué xa non ten cultura nin alma propias? ¡Bah! Nada de promo, que vai o fondo; nada de pruma, que voa; corcho, soyo corcho que nada sempre; corcho coma tapón para a concencia e coma salvavidas para o corpo.*

*E aló, na lexanía, unha liña azul, sinxela, onde laxexan unhas áas brancas; As da "Hirmandade da Fala", as de "Estudios Gallegos", coma o úneco salayo de pensamento e de concencia da nosa Terra. Unhas áas que furarian a tñros os señoritos das rás villegas, si os catro cartos da nómina, que lles leva o vastre, desen pra mercar un cachorrillo.*

(Cliché dino de figurar n'un album para fomento do... civismo.)

## Un xornal de Lisboa aldraxou a Galicia

### CONSIDERACIONS LOXICAS

"A Lucta", de Lisboa, fai poucos días publicou un artigo, que firma Ludovico de Menezes, no cal fábase d'un folleto de Xosé de Sousa Nomeado "Coisas da Nossa Terra". N'iste folleto quere amostrear seu autore, entre outras cousas, que *Aldeia galega* (pobo portugués) débese chamar *Aldagalega* ou *Aldegalega*.

Istes tiquis miquis filolóxicos, de menos utilidade que os rompetestas, a nosoutros tñennos sen cuidado. Pro non a Ludovico Menezes, quen pretende convencere a Sousa de que está nun fondo erro. E pra convence-lo, dirixelle un forte aldraxe a Galicia, como pode verse.

Di Menezes, ou o demo que o fenda, no derradeiro anaco do seu artigo:

"Ora ahí está como as cousas sao. E nao

tenham duvida, meus presados senhores de Aldeia Galega, de que a estas horas, se lhes corre aínda nas veias sangue avoengo, poden orgullhar-se da sua origem e ascendencia, porque sao Galegos de Franca, legítimamente vindos numa condessinha, e nao Galegos de Galiza.

All right."

¿Qué vos parece, lectores? ¿Qué vos parece d'isa godallada do imbécil que firma Menezes? Nosa resposta sería o desprezo para dito animal.

Mais a reflexión impónse. E impónse pol-o motivo de que no mesmo xornal, liñas enriba, ven outro artigo de Alfredo Carballo, no que se fala de fomentar ideyas rexionalistas en Portugal, pra esnaquizar ali o centralismo pernicioso, sinalando como exempros a Provenza e Cataluña.

"Oxe—di Carballo—ainda na Catalunha o espíritu rexional continúa de pe, en lucta aberta contra o unictarismo castelano, e por isso se explica a sua autonomia moral tan acentuada. ¿Por qué nao se faz o mesmo aquí?"

Meditade, como meditamos nos, lectores. Non nacerá a inimiga que nos teñen moitos portugueses do feito vergoñento de que sexamos os gallegos, entre todol-os españoles, os mais leales, sumisos y-entusiastas defensores da Castela, que nos ten escravizados? Os gallegos, sempre que nos xornales da nazón veciña se li'aseitou unha frecha d'ironía os castelans, distinguíronse por sere os primeiros en bulrarse de Portugal. Nos nosos boletíns, houbo y-hai adoito bromiñas que queren sere de superioridade sóbor dos portugueses. E aínda na Cruña consintiuse sen outra protesta que a d'us amigos nosos, non fai moito tempo, que Vicente Gay, falase, antr' liñas, da conquista de Portugal por Castela, *manu militari*. Aquiles polvos trán ista lama...

Se nos tivésemos a puxanza autonómica europea, dina de pórse cal modelo, de Cataluña, ¿os portugueses non nos apraudirían e louvarían? ¿Qué fixemos nos pra simpatizar co eles, pra facer—fo que sería tan comenente!—que nos conecesen y-os conocésemos.

O noso castelanismo incondicional, ove'lano, hai que carregarlle na conta o aldraxe de Menezes. Castelanismo do que non están despoixados tampouco nin os gallegos de Lisboa y-Oporto.

¡Ai si o estiverant!

## Os nosos "clixés"

¿O físico? Aló él y-os fotógrafos. ¿No moral? Integridá, reititude, austeridá cristiáña. Fondo amor á terra en que naceu. Modestia, ou bon senso da vida. ¿No inteleitual? Moito talento intuitivo é descursivo. Intelixencia crara, traballada por longos estudos, de xeito enciclopedista. Home de lóxica fría, de pensamento transparente, calculista e analista, intra y-estrospeccionador. Algo de Pi e Margall; algo de Xiner dos Ríos, dentro d'un enxebrismo sinxelo.

Abogado, non sinte o bufete nin exerce a profesión. Político, pro na verdadeira aceución do verbe, non de xeito español. Político á catalana que deixa a autuar á catalana porque na sua patria inda non eisiste a cibdadania. Político que estudia e alumea os problemas gallegos con pacencia benedictina e con cararividencia xenial. Que un día, novo Quixote, fixo unha saída—nobre e saltada saída—pol-os agros cellas sufrindo dos galeotes engrilloados ó caciquismo, a pena do vareazo.

Home fidalgo, nado no Ferrol, que traballa sin trégola pol-o seu pobo, por tolos pobos de Galicia e que sería x1 o primeiro deputado gallego—semellante os de Cataluña, alleo ó arribismo, nin republicano nin monárquico, gallego, soyo gallego—se por acó tivéramos o que deberíamos tere.

D. RODRIGO SANZ

VERBAS DO MESTRE

## Na entraña do noso idearium

Sucede que Galicia merca todol-os anos millo ó estranxeiro (porque España non o produce) e centeo a Castela. No millo paga directamente en alfándega o arancel d'importación que é 2/50 pesetas por 100 kilos;

e no centeo paga indireitamente ó vendedor o arancel respectivo de 4 pesetas por 100 kilos, porque abondo é sabido que todo imposto d'importación aproveitase pol-o produtor nacional o mesmo que si o seu produto fose importado, pois pra isto é, percisamente, o arancel chamado proteutor. E fixédebos que o aldeán paga e sofre isos aranceles inda que a sua merca non sexa ó estranxeiro nin a Castela, inda que sexa en feira de Galicia e aínda que sexa o mesmiño grau que cosechou él e que entregou ó dono ou señor de terras en pago de renda ou foro e que logo ó dono ou señor revéndelle a precio corrente, que é *pol-o menos* (sempre é moito mais) o *precio do mundo mais o arancel*.

Nosas 300.000 e aínda mais familias campeciñas de mariña, veiga e montana, que comen pan de millo ou centeo, pagan por comelo a 13 pesos, uns *catro millóns de pesos ó ano*. Entendédeo ben: non pagan isto pol-o grau que mercan, senon *pol-o dereito, pol-a posibilidade de poder comer pan d'ise grau a cotío*.

Eiqui tedes unha pequena mostra da nosa gran cuestión rexional do centeo e do millo. Vinte millóns de pesetas por arancel, por alcabala, por dereito de comer pan en España, e non de trigo, y-ás veces ningún... paga o aldeán da nosa terra.

O arancel que nos impón o centralismo, é *prohibitivo da nosa prosperidade agrícola; quita e nega o mañan ó campeciño gallego* (á sexta parte de Galicia, toda Galicia pr'ó caso), *d'impois de quitarlle do seu oxe catro millóns de pesos ó ano*.

RODRIGO SANZ

Istes son os problemas gallegos, istes; ista é a política gallega, millor aínda, galleguista, e non do benfeiciónismo que dona pazos, muelles inútiles, carreteras sen ouxeto, asfaltados, adoquinados, etc. Isto é Galicia, cuase inédita aínda no "Diario de Sesions". O outro é cruñesismo, viguesismo, compostelanismo, ferrolanismo, etc. O que se impoñería *automáticamente*—debotando a inusticia—dándolle a cada un o seu unha vez nosa terra fose rica y-europea. O que esnaquizaría ós caciques, benfeitores, en troques do esquencimento d'aquiles pobos que teñen caciques sin influxo na Corte.

## PRA EVITARE TORTAS INTERPRETACIONES

## Puntualicemos o noso pensamento

Por non sei que artes de diánica meiguera, veu parar ás miñas mans un número do boletín A NOSA TERRA esquirto todo il no noso idioma, e non dialeuto, coma deron en chamarlle os castelans, ás falas gallega, catalana e vasca; s'idioma é a maneira de falare de cada pobo ou nazón, ben ganado temos pra o gallego o nome de idioma, cando en Galicia enteira, fora das vilas principais, é a úneca lingoa que se fala e se ascoita falare dende que istamos no berce.

Moito me agradou ó vére que todo il istaba esquirto no noso idioma, mais o que m'encheu de regocixo e fíxome derrotal o fol d'alegría preporzónándome o día de maor satisfazón da miña longa e xa cansada vida, foi ó lére os artigos que traguia, nos que brila un santo refrexo de ideyas nazionalistas nas que adoito pensái, e as

que quixera vere feitas realidade enantres de pechal-os ollos, que han cobrire pr'a miña disgracia e contr'a miña vontade, a terra da non patria miña.

O nazionalismo e cousa non nada boa de pregoar, por sere un coitelo de dous fios que poden empregar os enemigos pra ferirnos á samurda co-un de illes; abondando nas nosas mesmas ideyas, poden faguer a millor arma pra vencernos na loita. Cando perdiquemos a nazionalidade gallega, debemos termar moito de espricare a concencia cales son os fins de isa nazionalidade pra que a non tersiverxen unha parte do pobo c'o siparatismo, qu'é o nome que lle dan os que ó noso idioma chámanlle dialeuto pra ribaixarnos e o outro pra perxudicarnos.

Si falamos do nazionalismo sin abondar en espricas, poden moi ben os *libertos do centralismo* espricare ó pobo que ó faguerse Galicia unha nazón, siparariase d'España—cousa que non verían con bos ollos pol-o de agora un oitenta por cento do pobo gallego—, e ó sipararse quedaría a mercede de calquer nazon poderosa que lle votar'as poutas, a mais de que a Galicia com'a Cataluña serialles imposibre (?) o poder vivire coma nazóns independentes.

Os *libertos* terían por pedras de toque: a groriosa hestoria d'España, grorioso rosario de descalabros que foi até agora, e a brillantez e maxeza da literatura castelana, tan maxa e tan brillante, que percisan os seus clásicos pr'adornala, de andare chuchando verbas dos idiomas francés, italiano, inglés e gallego. No-ai dúveda que pra o pobo que s'enche de ilusións e iñora a valente e limpa hestoria da nosa terra e os séculos de ouro da literatura galaica, tales contos pesarian en favore dos enemigos da nosa nazionalidade.

Votemos man nos de mostrare exempros de fortes estados compostos de pequenas nazóns, com'a incomparabre Alemania, esnaquizada oxe pol-o fatal militarismo, na que moitas das pequenas nazóns teñen orgaazon tan compreta que até teñen rei; dos estados do norte de América que compoñen a potente unidade nazonal Estados Unidos de América, onde cada Estado gobérnase por si mesmo, sin que por iso fagan caosa siparatista.

Por iso, volvo a ripitire, debemos espricarlle ó pobo que ó pretendere faguer de Galicia unha nazón—ó que ten tanto ou mais dreito que ningunha outra das oxe chamadas rexións españolas—, non é materialmente o pedil-a siparazón d'España e até pra mais sipararnos faguer un canal navegabre nos confins que temos con Castela e Asturias, non, que ó faguer de Galicia unha nazón, e c'ouxeto de qu'eiqui nos gobernemos independentemente pagando somentres un tributo ó poder ripresentante da unidade nazonal, pra os gastos d'exército, armada, e ripresentación no estranxeiro.

Machaquemos adoito sobre isto: loitemos sin trégola até acostumar ó pobo a ascoitar con agarimo a verba NAZONALIDADE GALLEGA, que o tal logrado, o demáis virá pol-os seus pasos, pois terra com'a nosa rica en pesquería, agricultura, pecuaria e minas de varias crases—as conocidas e sin esprótar—, si cai en mans de bons ademiniistradores, atópase no camiño por onde pasaron nazóns coma Holanda, Bélxica, Suiza e outras moitas, que foron n'outros tempos o que oxe somos nos.

MANOEL PONTE DE FONTAN.

Lima (Perú), 1916.

DA "ELITE" DO GALLEGUISMO  
Escultores da nova Galicia

Deu fai poucos dias en Madrid unha conferencia o insine filósofo gallego—un dos homes mais cultos de toda España—Eloi L. André, sóbor do tema "Evolución do galleguismo na conciencia social gallega".

N'ela abogou pol-a constitución do partido rexionalista político, amostrando a necesidade de facer conciencia hestórica.

Decraróuse d'opinión de que SE FALE O IDIOMA GALLEGO, xa que non pode morrer unha lingua que empregan trinta millóns de persoas.

Opinou que o porvir da nosa patria está no mar, porque temol-os milliores portos d'España.

E coneruyeu dicindo que Galicia quere e debe ser libre, mostrándose partidario da constitución da mancomunidade gallega.

De maneira, quiridos hirmáns da Fala, que non estamos trabucados nin soilos coma os gallegos do conto. Pensa o mesmo que nos, o que pudéramos chamar a *élite* do noso intelectualismo e do noso comercio: catedráticos do xeito de Eloi L. André, Cabeza de León, Xil Casares, Porteiro Garea; notarios, coma o doctor Banet Fontenla; xornalistas da altura de Xaquín Pesqueira e de Avelino Rodríguez Elias; literatos coma Fernández Flórez; publicistas coma Portela Pérez e Gastañaduy; musecólogos coma don Perfeito Feixóo; musecos coma o mestre Baldomir; caricaturistas coma Castelao; comerciantes coma Bidegain, Escudero e Mirambell; filólogos coma Ribalta; sociólogos coma Rodrigo Sanz; dramaturgos coma Lurgis; cregos coma López Carballeira, o xesuita García Romero y-o bispo señor Lago González; mestres d'escola coma Taibo, e poetas coma Ramón Cabanillas, *vate* do noso movemento, nado cando tiña que nacer, eando se facían percisos seus cantos grroriosos, logo que Pondal emudecéu.

E todo isto non é mais que o rexionalismo de *folk loore*, que o rexionalismo *ortodoxo* que até agora tiñan por bon os gallegos inconscientes e os políticos... moi gallegos, moi gallegos *en verso*, pro gallegófobos *en prosa*?

Meditade, amigos, meditade, ¡y-adiante!

Cambó, o ilustre Cambó, ofreceu o seu concurso y-o da culta, valente e cibdadana minoría que dirixe no Congreso, para o bon termo do preito vitalísimo do Ferrocarril da Costa que tanto beneficiará a Galicia, redimíndoa dos aldraxes da compañía do Norte, xa que ha facer que ista ande dereita.

Unha nova mostra d'afeito nos da Cataluña. Cataluña que é a úneca nazón d'España que no las deu sempre.

Cataluña, o millor do Estado español. Cataluña, a antipatriota, a nosa nobre hirmán maior. Cataluña, a mestra en europeísmo; a que fala na sua lingua grroriosa, soila maneira de que poida falar por sí, pensando con Costa que, non é doado que se l'esixa patriotismo a un pobo, cando o patriotismo non resulta negocio...

Ben pol-os nazionalistas cataláns. Eles nos tenden a man, pra estreitar a nosa, sin pedirnos que lla lambamos, como fan os odiosos políticos centralistas.

Comparede a política europea, co a política da hexemonía castelán.

¡Ouh grroriosa Rosalía que inmortalizache a tua carraxe contra Castela, nos variles "Cantares"!

Rosalía: ti, si viviras vida mortal, berraría con nosco ¡Visca Catalunya!

# OS POETAS D'AGORA

## ¡MEU CARRIÑO!

Prá y-alma acesa de  
Antón Villar Ponte.

¡Carriño forte e xeitoso,  
meu carriño,  
arrolador e mimoso  
com-o berce d-un meniño!

¡Meu carriño cantareiro!  
¡O de xugo e cabezalla  
co-a puntiña da navalla  
pulidos da miña man!

Sempre ó paso, sempre xuntos,  
haxa estripas, haxa frores,  
cantemos nosos amores  
sin saír do noso chan!

¡Meu amor de carreteiro!

¡Meu carriño!  
¡O do eixo de ameneiro  
y-os canisos de sanguinho!

Lévame, meu carro, leva,  
pol-a meiga terra nosa  
que a miña y-alma saudosa  
lonxe d-ela non se afái.

¡Lévame por onde escoite  
a fala doce e sentida  
antre bicos deprendida  
no colo de miña nai!

¡Roda pol-os nosos eidos!  
Anque hai lama no camiño,  
¡é tua terra, meu carriño,  
y-a terra de meu abós!

¡Non collas pra chan alloo!  
¡Non me leves a Castela  
que non quero nada d-ela  
xa que arrenegón de nos!

¡Bermello, leva coidado  
c-o carriño,  
que pode caír tumbado  
no goyo d-un tremesiño!

Canta, meu carriño, canta  
a redención esquencida  
y-o dor da Terra ferida  
de treidores e ladróns.

¡A y-alma galega dorme,  
a santa Ideya está morta  
e tés que ir porta por porta  
encendendo os corazóns!

Berra por vilas y-aldeas,  
que hai que vingal-a inxusticia  
dos que teñen a Galicia  
axugada c-un cansil.

¡E dille ós irmáns que atopos  
que nas mans d-un home enteiro  
o estadullo carreteiro  
non lle ten medo ó fusil!

¡Marelo, tira con xeito  
y-a modiño,  
que hai que andar moi ó dereito  
c-o eixo do meu carriño!

Oxe corredoira abalxo,  
mañán corredoira arriba,  
mentras ti dures y-eu viva  
teremos un camiñar.

E cando ti xa apodrezas  
y-eu dé o layo derradeiro,  
¡qué fagan do teu chedeiro  
a caixa pra me enterrar!

¡O de eixo de ameneiro  
y-os canisos de sanguinho!  
¡Meu amor de carreteiro!

¡Meu carriño cantareiro!  
¡Meu carriño!

## ¡TERRA A MIÑA!

¡Terra tan fermosa,  
tan anmat-e rica,  
n-o mundo no-a atopo  
como a terra miña!

Cando vexo as mozas  
qu-esta terra cria,  
tan ledas e honradas,  
tan frescas e lindas,  
tan agarimosas,  
tan afanosinas,  
tan francas e homilde,  
e tan espelidas,  
eu non podo menos  
de gritar, axiña,  
moi admirado  
d'o que ten Galicia:  
¡terra tan fermosa,  
tan amant-e rica,  
n-o mundo no'a atopo  
como a terra miña!

E si oyo, un instante  
falar nosa lingoa,  
de ritmo meloso,  
de tant-armuña,  
tan dóce, tan soave,  
flesibr-e espresiva,  
que amostra os afeutos  
cal naide maxina,  
miñ'alma se agranda,  
meu peito se axita,  
e quero, gustoso,  
dicir deseguida:  
¡terra tan fermosa,  
tan amant-e rica,  
n-o mundo no'a atopo  
como a terra miña!

Tamén, cando chegan  
a min as devinas  
cadenceas d'a gaita,  
que ó sang'u'espriguizar  
ou sint'os cantares  
de notas sostidas,  
que dicen amores  
ou penas esprican,  
non podo calarme  
pois váiseme a lingoa,  
y-estonzas porfiro  
con moita cobiza:  
¡terra tan fermosa,  
tan amant'e rica,  
n-o mundo no'a atopo  
como a terra miña!

Y-en fin, cand'ouserve  
d'a nosa Galicia,  
o hermoso conxunto  
d'a súa campia,  
c'os pechos pinares,  
co'as veigas froridas,  
c'os souts verdosos,  
ribeiras, curtiñas,  
síntome contento,  
choro co'a dilicia,  
e, sin mais, escramo  
con voz crara e limpa:  
¡terra tan fermosa,  
tan amant'e rica,  
n-o mundo no'a atopo  
como a terra miña!

XAN PLA E ZUBIRI.

RAMÓN CABANILLAS

1916.

## FALAN AUTORIDADES NA MATERIA

## Cousas que non temos d'esquencere

Nas miñas relacións como notario co home da campia e da mariña, falo gallego y obrigo a que eles m'o falen tamén, dende que téñome convencido de que, cando queren castelanizar, din tod'o contrario do que desexan. E cando chego á solemnidade do otorgamento, faigo a lectura íntegra no castelán, como é de lei, pro como conozo que non m'enxergueron, dou seguidamente o resume en gallego, y-entón é cando amostran as súas observacións, se houbo erro.

Son, pois, partidario, de que os gallegos falen gallego c'os seus, sin deixar por iso d'adeptar o castelán. Tamén coido que se fai preciso facer escolas de gallego, pra qu'iste sexa imprantado como idioma na Galicia.

RAMÓN DIAZ PONTE.  
Notario.

¿Vosoutros asistístedes a algún xuício oral n'algunha das nosas audiencias? Pois ó declarar os testigos verídicos como era absolutamente imposible unha intelixencia antr' os preguntantes y-eles. Ise feito amostrou dúas inxusticias.

1.ª Inxusticia que devén d'eisixir qu'entenda o castelán e conteste n'él un suxeito a quen o Estado non facilitou escola pra que dependese.

2.ª Inxusticia de non eisixir o Estado ós seus funcionarios (xueces, notarios, etc.) que conozan o verbe no que ten de formular o seu pensamento y-a súa vontade o pobo onde ises empregados exerzan os seus cárragos.

E non val dicir que a tradución amaña a cuestión, porque fora de que os magistrados en xeneral son tan finchados e presuntuosos que non lles cabe no miolo que un home a quen eles non entenden non os entenda a eles, a tradución literal non serve pra amostrear con xusteza o pensamento y-a vontade.

Que os nosos xueces e notarios, seipan o gallego, é, pois, o menos que temos de pedir, se han de sere garantía de xusticia e fidelidade. ¡Cánto bon esquirbeu Pi e Margall sóbor d'isto!

DOCTOR PORTEIRO,  
Catedrático de Dereito  
e abogado en exercicio

A palabra é o elemento esencial da formación intelectual do home. Toda representación, toda imaxen, devén súpeta d'un continxente verbal. ¡Que confusión non ten que facerse nos tenros miolos dos nosos meniños—sóbor de todo nos das aldeas—, ó sentire falar ó mestre n'un idioma diferente do familiar, do que iles levan dentro de sí.

Si no orde espiritual é unha profanación, pedagóxicamente é un fondonísimo erro.

Si teñen dereito os gallegos a lingua gallega, téñenno tamén a escola gallega y-o mestre gallego. E un dereito natural que frunfa de todas as leises esquirtas.

A imposición da escola primaria castelana, é un atentado continuo ó dereito dos nosos fillos; pónos en situación d'humillante inferioridade, e fai, pouco menos que imposible, a precisa compenetración entre a escola y-a familia. Termen d'isto os nobres patriotas das Sociedades d'Instrución d'América.

Fixense que do antagonismo entre a lingua propia y-a lingua da escola primaria—oficial ou privada—devén un dos xeitos do

analfabetismo de Galicia. Son moitos os gallegos que fonon á escola e non saben esquirbir o gallego nin o castelán.

A escola gallega, non trai desbotare do noso ensino o castelán. Sinifica e ensino do castelán, por medio do gallego.

ENRIQUE CASTIÑEIRAS DIAZ,  
Mestre do primeiro ensino

Predicare o Santo Evanxelio, espicaralles a doutrina en castelán ós nosos labregos y-ós nosos mariñeiros, e o mesmo que encher d'auga un carabelo. E falar para o mouro do sermón. Perdel-o tempo, abofé.

Soilo conseguiremos evanxelizare os cregos gallegos, cando ademitemos ós cregos cataláns e bascos das aldeas.

N'isto si que non temos perdón de Dios. Porque namentras poden vir mestres d'escola e notarios casteláns a Galicia,—cousa que debérase evitare—os cregos dos nosos Bispos todos son d'eiquí, da casa.

¡Meus hirmáns na Irexa e no enxebriño: prediquemos en gallego, na fala que o Rei Sabio coidou mais dina pra cantarlle a Nosa Señora!

UN ABADE  
do alciprestazgo de Monforte.

A herencia, ó longo da serie de xeneracións, perfeicióna para a lingua patria, isos admirables engraxas que xamáis poden formárese iguales cando a educación os improvisa ó adeptar unha lingua estrana. Nosa alma prefere sempre os da súa raza.

Si son dúas linguas hirmáns as linguas patrias,—o caso de Galicia—recrease a miúdo o espírito en alternar súa encarnación gardando pra un d'aqueles mecanismos certos xeitos espresivos, deixando os restantes, que quizáis poideran sere millores, para os outros.

Pro si por un error educativo é un soilo dos dous mecanismos da palabra o que traballa, sendo dúas as linguas que pol-a nosa sorte abranguemos, o esquecido entrapallárase, com'as pezas d'unha máquina sen uso. Con ilo sofre forzoso detrimento nosa produción psíquica, por privare vountariamente ó espírito d'un dos mecanismos espresivos, quizáis do que pol-a herencia millor disposto tiñamos pra producir.

Iste é para os gallegos o problema.

MIGUEL XIL CASARES,  
catedrático de medicina.

Os cartos, son o úneco que non ten patria, din as xentes. Pro inda os cartos cóncense tamén no acento: que é o valor ou depreciación no troque (cambio).

E os cartos y-o traballo e os negocios, entran, mal que vos pese, na conta do rexionalismo e do naxonalismo.

A primeira riqueza — ¡quén o dixera! — e a espiritual y-a ideolóxica. Sen ista riqueza, nin os cartos, nin o traballo, nin os negocios farán bon camiño.

Os cartos, o traballo y-os negocios gallegos, son pol-o d'agora cousa "colonizada". Pois até que se "nacionalicen" ou rexionalicen, Galicia non xurdirá colectivamente con puxanza. Abóndebos o exemplo de Cataluña.

Sí, primeiro que un stock d'ouro, temos que crear un stock de patriotismo—conciencia colectiva en acción e en pasión que nos leve a emulación y-a puxilatos, dos que

os cartos das nosas uchas e das nosas contos correntes, sexan balas co as que se poida cargar a pistola do noso amor propio de raza. ¡Si a maoria dos ricos da terra se decataran ou souperan algo d'isto!

Cartos gallegos, feitos en gallego e xirados en gallego por gallegos e para gallegos, son os dos nosos emigrados n'América que veñen a soste a casa y-a escola y-o Hospital y-a Irexa y-o cimiterio y até a esportación de ferrocarris enxebres como o en prexeito de Ourense á fronteira portuguesa.

Temos, pois, que nin os cartos, nin o traballo nin os negocios, quedan fora da causa da Fala, ou sexa da alma gallega. Económicamente, ningunha rexión d'España, nin Cataluña mesma, pode e debe, coma Galicia, sentir e impoñer un forte e fondo nacionalismo. Por razóns xeográficas e naturais.

FIDEL LOPEZ VEIGA,  
Banqueiro.

Xa vedes cómo pensan autoridades en ciencia médica, en pedagogía, en finanzas, en dereito, en relixión, etc. Xa sabedes tamén que, filólogos, como Ribalta e políticos e sociólogos do xeito de Rodrigo Sanz, peitan polo uso en senso trascendente do noso idioma.

Hai que usalo, é preciso usalo. Os que non no queiran cisi, uns consente y outros inconscientemente ¿non son malos gallegos, gallegos inimigos do noso porvir?

Chantar istas verbas, castiza ou non castizamente esquirtas, no miolo da xuventude, ¿non é noso deber dinantes de consumir o tempo facendo literatura?

Literatura "precursora" xa témola. A outra virá, e virá forte e puxanta, logo que lle faiamos advenimento, a forza de espertar conciencias acesas de sentimento galleguista. Pol-o d'agora inda é cedo para pensare en xeitos estéticos.

Sementar ideyas, non recreare ouvidos. Iste ouxeto nos trougo á loita. Que ningún hirmán da Fala se preocupe da forma, senon do fondo. Que a ruiña vanidade non s'arregue a nos. Que todol-os gallegos de told-os pobos y-aldeas que pensen e sintan como eiqui se sente e se pensa, nos axuden relazoándose con nós, pra irmos tecendo a rede da xuntanza apreixa e facendo o censo dos galleguistas, enxebriños entre os enxebres, formento da futura revolución, intransixentes c'os aldraxadores da nosa terra antonte, onte e oxe.

Todo-os pobos costeiros do Norte de Galicia, dende Ribadeo a Ferrol, o día 4 de febreiro, poñeránse en pe para esixir do Goberno a construción do Ferrocarril da Costa. Están resoltos a todo. Están cheos d'entusiasmo. Non queren ser enganados unha vez mais. Pro que non se cansen de terse ergueitos. Que pol-a falla de costume non se volvan a deitar axiña, trail-o estoupe do fogete do entusiasmo primeiro. A da tenacidade é a arma mais forte.

Mondoñedo, Ribadeo, Lugo e Vilalba, tamén áchanse dispostos a loitar polo seu ferrocarril.

O mesmo tempo os Amigos da Fala da Cruña, van facer mitins en Lugo e no Ferrol.

Logo virán os rexionalistas cataláns a Galicia.

Soilo os cativos gallegos poden cruzárese agora de brazos.

¡E hai tantos cativos gallegos que non teñen de gallegos mais que o habere nacido en Galicia; gallegos, coma gallegos son os animaes y-as prantas que viron a luz na nosa terra!

¡Somos tan poucos os loitadores! ¡Axúdenos tan pouco!...

Inda mais nemigos que os alleos son os "da casa".

# ¡NAZONALISTAS, A XUNTARNOS!

## UNHA IDEYA

Dentro do amor á terra nativa, ó anaco territorial en que a uniformidade da raza, costumes, lingua, accidentes xeográficos e crima é un feito tanxibre e real, ó que é a patria natural, a razón propiamente dita, non o Estado—enxérgase ben—há por eisi decilo como variadas direizós ou distintos matices, que establecen unha a maneira de escada gradual que vai dende o matiz mais forte ó matiz mais debile. Todos istos matices xúntanse n'un punto único e capital: ó amor á Galicia e o desexo de qu'ista chegue axiña ó logro das suas xustas e lexitimas aspirazós. Unhos no seu galleguismo pretenden que dentro do actual estado de cousas é posibre chegar a mellorar a condizón do que eles chaman, con unha catívez d'esprito francamente rechazabre, a sua pequena patria. Crén outros que pra que Galicia abrangue o porvir que pol-as suas condizós naturás e pol-a sua presoalidade rexional lle está reservado, abonda eon que os gallegos xuntados en broque compauto preguen tenazmente y-a cotío por unhas debles descentralizazós, que han de sere a panacea que cure as nosas doenzas, sin cuidarse pra nada de fomento do idioma nativo nin da entronizazón no pensamento galaico de determinados ideás autonómicos qu'iles, españoles ante todo, xuzgan demoeiores e perxudiciás pra a santa integridade do Estado español, tendo en troques un borreguill esquecemento pr'os aldraxes y-os dóres con que perennemente nos magoan, por non sabere ser homes, a insensatez e a iñoranza castelás, postas d'acordo.

Outros hai que van algo mais alá; xuzgan os aludidos, como eficaz revulsivo pra o reacionario d'aletargada concenza nazonal, a porpagazón do uso do idioma e con il total-as consecuencias políticas que, como secuela obrigada, inmediatamente lle siguen; pra istas as afrentas que com'unha cárraga d'inomíña viñeron amontoándose día tras día, non son un peso morto e despreziable fillo tan soyo d'iñoranzas, desconocimentos e inculturas, son algo dino de sere tid oen conta posto que responden ó engreimeinto de quenés, sin perxuízo de chamarse hirmáns e compatriotas cando lle convén, teñen a suprema audacia de xuzgarse amos e como tal superiores, aproveitándose do estado inconsciente de carneiril mansedume a que nos conduxeron a apatía e o embrutecimento en que nos sumiron as picaras aduanadas dos oligarcas que padecemos, pra mellor agrihoarnos. Son os d'iste matiz cerebros aptos pra recibir a eficaz semente do odio, mais n'iles aínda gravita de modo firme o peso morto da falla de decisión e de atrevimento, fillo de tantos anos de sumisión vergoñosa e repugnante vasallaxe; saben sentir, iso sí, mais non saben obrar, fallalles pra ilo o aguillón da fe en si mesmos, algo do que a filosofía nietzschiana preconiza: a creñza no valor e na superioridade do propio eu; crén que con procedimentos tenaces pro velados, insistindo adofito, pro eon prudencia e cautela esquisitas, inyetando con fortes dosis de cordura os propios autos é com'o cabo se ha de chegare á realizazón lo que nos seus cerebros xermola, tendo bon cuidado pra elo d'embozarse previamente nos plegues d'unha noxenta prudencia...

Non son istes os nosos, certamente; os nosos, aqueles a quenés nos diriximos, son os outros, os soñadores, os impulsivos, os románticos do galleguismo; pra iles, si é que eisten, son istas verbas, que poderán sere torpes, desaliñadas, pro que en troques van cheas d'amor a Galicia, a gran patria, esquencida pol-os seu propios fillos, despreziada pol-os estranos, mais grande pra cantos d'eramos por ela todo o que somos e o que valemos, canto mais cruelmente a combate o infortuño. Pra ises son istas verbas fondamente sentidas, acesas, cheas de tanto amor pr'a nai como de carraxe pr'os estranos, que un día e outro a magoan aproveitándose da cegueidade—i quen sabe si desleigamento?—dos seus propios fillos.

De todol-os matices anteriormente espostos eisten núcleos de gallegos mais ou menos grandes; do derradeiro, tan soyo insinuado, non sabemos si hai, e como non sabemos si hai pétanos perguntar: ¿Será posibre qu'en cada cibdá e en cada pobo de Galicia non haxa pol-o menos un ou dous hos gallegos que alcesos de santo amor á patria que nos deu como berce o seu chan, non sintan como propios os aldraxes qu'a nai se lle fan a cotío pol-os que, titulándose compatriotas, non vacilan en empregar o calificativo de gallego como algo despreziable e dino de bulra e de escarnio? ¿Non hai en Galicia gallegos que cobicen pra a sua patria o que os nazonalistas catalás desexan pra a sua, isto é, a reconstituzón prena e integra da presoalidade nazonal galaica, dentro, craro é, do Estado Español, ou mellor do Estado ibérico, con todol-os atributos que com'a tal presoalidade nazonal lle corresponden? ¿Son tan insensibres todol-os gallegos, absolutamente todos, que entre eles non hai siquera unha ducia, duas, as que sexan, de homes conscentes e dinos que non sexan como son a maoria pombas sin fel, dóciles cás, sempre dispostos a bicar a man que os apouviga, e que en troques haxan sabido sentir na sua yalma o desbordamento do odio e da carraxe ó escoitar, unha vez traspostas as fronteiras naturás de Galicia, os aldraxes e os desprezos con que todo o que arrecende a gallego é ousequiado nas probes e miserias terras castelás e nos seus aledaños?

Resumindo. ¿Non hai xentes en Galicia que sintan o pan-galleguismo, doutrina única capaz de salvarnos e cuya fórmula sintética pode espresárese do xeito seguinte: "Galicia pr'os gallegos e pra os afíns da raza"? ¿Qué, hainos? Pois si os hai, sexamos moitos ou poucos, é perciso que estabrecamos tauto de cóbados, que cheguemos a conocernos—pra iso abondan unhas liñas de adhesión—, que seipamos onde estamos y-eisl, sabéndoo, poderá chegar un momento en que, aunnando os nosos esforzos, xuntándonos en apertado feixe, fundindo os nosos ideás, da acución colectiva, salla algo práctico e benfeitoso pra a patria asoballada, que oxe chora acorada as cobardes deserezós e os criminás esquecementsos dos que nunca deberan deixare de loitar por ela. Pro non por habere sido tan grande a falla estamos imposibilitados pra reparala, aínda hai tempo. Lembremos a Vasconia e a Cataluña as hirmáns en aspirazós. ¡Nazonalistas, a xuntarnos!

RAMÓN VILLAR PONTE.

## N' O SERMON

(CONTIÑO)

Chorañ os velliños,  
as velliñas choran,  
choran hastra os mozos  
e as mocíñas todas,  
porque o señor cura  
con tristura conta  
n'a Semana Santa  
de Xesús á hestoria.

Soilamente un vello  
non sinteu congoxa,  
y-alritado, o cura  
dixo: ¿Usted no llora?  
¿Tiene usted sordera?  
¿Es usted de roca?  
E o vello repuxo  
con cara risoña:

¿E porqu'hei de chorar, señor cura,  
si eu non son d'esta sua parroquia?

JENARO MARINAS

## TRADUCIÓN DOS CLASICOS CASTELANS

A CORRUCION DO SECULO

(Do Apólogo de LA OCIOSIDAD Y EL TRABAJO,  
por Luis Mejía.)

Vexo total-as creaturas vivire n'aquelas leises que a natureza lles impoñeu ó crealas, e que dereitamente, cada unha na sua especie, camiñan cara o fin que teñen pre seren. Samente ó home vexo tan descarreirado, tan fora de rilleiras e tan esquencido de si, que creio de min que non foi feito pra cousa boa. Porque primeiramente vexo ós que andan pol-o mundo pra manteren aceso o lume da vida santa e dos exempros e pra amostren ós cegos d'esprito o verdadeiro camiño, seren nos nosos tempos os mais iñorantes, os mais pouco mañosos e os mais desabidos das cousas do mundo. ¿Quén si non son iles nos insina pra non escoitarmos a vos das obrigas? ¿Onde viven decote as raposadas si non é n'iles? ¿Onde vemos o descaecemento do espirito e a morte da forteza que nas crenzas s'atopa? ¿Qué persoas poñense mais elevadas nos seus negocios, que iles? ¿Onde fan mais forza os favores? ¿Quén está mais afeito a dare mal por ben?

Pois si pra iste outro lado me viro, vexo o mundo cheio de moito engano nos homes do século. Vexo as amistades finxidas, a ética envexa apreixando e facendo degoral-os espiritus; vexo que non pasa por sabido mais que o que manexa o arte da pecunia, que todos se drezan ca mintideira e meiroenta falangueiria, que todos andan cheios de medo por viviren valeiros de nobreza, todos cheios d'espranzas que teñen mais de soños que d'outra cousa. Vexo antre iles as persecucións que a mala vontade encirra, os perxudicios por demáis, as bulras contra a honestidade, a fame d'ouro moi enseñoreada, os chufantes moi donos da gloria, os ladróns moi honrados e con boa compañía. Vexo as iñoranzas aplicaren as leises, e os facedores d'istas, seren os primeiros que n'ilas se ciscan. Vexo o roubo e o furto faceren de xueces. Vexo que tod'o dereito está nas armas; que o que ten, pode, é o que pode, manda. E vexo mais: que as leises son contra o fraco e debile, com'as teas que tecen as aranas, contr'as moscas. Vexo tamén que os estados andan revoltos, ninguén satisfeito co que ten; o que unhos louban, outrol-o alpurnan; o que unhos teñen por santo, outros tómano

a meigueria; o que unhos creien verdadeiro, outros veno com'engano; o que unhos acollen por honesto, outros desbótano por pecado. Vexo toda ista barafunda, todas istas abominacións, todo cheio de fe rompida e treidurias, todo cheio de amore do diñeiro.

(Traducido por D. ANTON VALCARCEL.)

## PENEIRANDO...

O alcalde de Lemona organizou o homenaxe ó Rei. Pidiase unha cruz para él. Trais ista cruz estaba o díaño, seica.

Do Rei saléu ben, pero logo tiráronlle sota—¿qué carta mais basca que a de Sofa? —y-atopouse con que iría ó carce, por cousas caciquís, se non poñía 3.000 pesetas de fianza.

Cruzado fora da terra e crucificado na terra.

O conto de sempre. O alcalde de Lemona, coma o alcalde de La... mona.

"O Parlamentario" amostrou n'un artigo, que non existe oxe en España ningunha condessa de Pardo Bazán.

¡Ai hol! D'aquela fixémola boa...

Royo Vilanova, pra que non hai mais conde que o de Romanones, deu unha conferencia en Madrid.

Na conferencia aldraxou, coma de cote, ós cataláns. E deu pretesto pra que se vira craro unha vez mais, que os casteláns tēñennos por raza inferior.

Falóu do acento galego de Monteiro Rios, e todol-os abogadiños da corte—diáselle a ista verba o senso que ten nas nosas aldeas—botáronse a rir.

Sempre o mesmo.

Os trens gallegos siguen dando tumbos. Ou chegan tarde, ou descarrilan, ou... demo que os amañe.

O mixto de Vigo que viña pra Monforte y-a Cruña, descarrilou por falla de freno, fai poucos días. Pol-o choqe inframáronse uns vagóns que levaban fósforo.

¿Cándo semellarémonos a ises vagóns? ¿Cándo perderemol-o noso freno pra que estoupe o noso fósforo e arda Troya?...

Por mais que os gallegos parecemos levar nos miolos, en troque de fósforo..., pasta flora.

O homenaxe ourensano a D. Marcelo Macías, foi tod'o solene y-agarimoso que tifa de sere.

Ben pol-o Auntamento da culta cibdade das Burgas, que o nomeou fillo adoitivo!

Nos mandámoslle o seguinte telegrama a D. Marcelo: "Tres astorganos, vostede, don Antolin, Martínez Salazar, dan exemplo a moitos gallegos. Gran gallego d'Astorga, una aperta da Hirmandade da Fala."

De Vigo remitíronsenos algúns números de "La Concordia" e algunhas cartas particulares, nos que se fala do preito da Escola Industrial.

Por todo isto vemos que Gasset—xa o sabíamos—é un amigo de Galicia, recomendabre. Vemos tamén que se quere bulrar a xus-

ta y-europea protesta dos alunos. E non. Falaremos craro, a berros, no próisimo número, ¡re... piñera!

Recibimol-a siguiente cuartilla, que inda firmada por "Un Gaiteiro", é d'un bon suseco gallego, que ven con oportunidade, xa que din que "Maruxa" poñeráse axiña en escena en Santiago:

"Quedábase en que a zarzuela "Maruxa", pois de mentala algunha vez por eiquí, así debéramos chamala, ten de gallega o que nos de cipayos. Non parece senon que os que a crearon tiveron intencións de facer mofa d'a nosa terra e d'a música nosa, xa que soyo en ridiculo a presentan, sin que lle quite ou poña o que a dita opereta sexa cantada por Batistini ou chilada pol-o "Galo".

Mais o triste d'o caso é que inda haxa preódicos de Galicia ou que en Galicia se prubiquen, que sigan facendo o reclamo d'a Maruxa, ópera gallega, dando marxen a que de nos se pense que compoñemos boas migas c'os carneiros que n'ela fan figurare o libretista Frutos y-o mestre Vivo...

UN GAITEIRO."

Conque, bos gallegos composteláns, vanvos facer a... "Maruxa".

En Madrid fíxose unha loita antre un tigre y-un touro.

Cánta barbarie hai na vila-charca cortesana, que dixo Unamuno.

O señor Sánchez de Toca, dixo que os políticos deben sere acionistas das grandes empresas, pois eisi saben defender os intereses do país.

Con azúcar está peor. E Sánchez de Toca anda nas azucareiras coma as formigas.

Romanones pidéulles ós xornalistas de Madrid que lle fixesen cóchegas.

Xa llas fixo co a súa longa crica o doce Sánchez de Toca.

Unha das primeiras cousas de que tratará o Goberno nas Cortes, refírese á protección ás novas industrias.

Pois pra protexer en Galicia e Asturias industrias novas, nada coma o ferrocarril da costa.

Boa ocasión par defendere o voto particular, ¿n'é certo, ferroláns?



## NOVAS DA CAUSA

HIRMANS DA FALA, NA CRUÑA, LUGO, MONFORTE, FERROL, VILALBA e MURAS. O 28 d'iste mes fará un mitin de porpaganda galleguista, en Lugo, o grupo cruñés, d'acordo c'os grupos de Monforte e Vilalba.

N'iste mitin falará un hirmán monfortino, outro vilalbés, outro de Viveiro e outros da Cruña.

O mesmo grupo cruñés fará outro mitin, no Ferrol, o día 4 de febreiro, co a valiosa axuda d'algúns enxebres ferroláns.

Para o mitin de Lugo sairásse da Cruña no

tren das nove da mañán do 28 (domingo), voltando para a cibdade herculina no seran do mesmo día.

Para o de Ferrol sairásse a igual hora.

Agardamos—xa que a cousa é d'importanza—que da Cruña, Monforte, Vilalba e Muras, concurren a Lugo aqueles hirmáns que poidan.

O mesmo lles dicimos ós cruñeses respecto do mitin do Ferrol.

Tamén pregamos ós Amigos da Fala d'Ourense, Santiago, Carballiño, Pontevedra, Vigo, etc., que manden adhesiós a ditos comicios.

O de Lugo terá efeuto ás tres da tarde. O de Ferrol, ás doce e media da mañán.

Dimpois das conferencias dos señores Vilar Ponte e Lugo, deu outra, na Academia Gallega, o culto e notabre publicista don Francisco Tettamancy, sóbor do tema: "Trovadores provenzaes e gallegos na toma da Cruz".

Ista conferencia, que terá remate do sábado que ven n'oito días, foi moi intresante. Forma parte d'un libro que o gabado autore de "Britanos e galos" publicará axiña.

Don Francisco Tettamancy recolleu moitos alaudos e parabés, pol-a súa erudita labore de proveito pra a nosa Hestoria.

A casa editorial "Viuda de Pueyo", de Madrid, axiña fará unha nova edición, aumentada, c'un dibuxo de Castelao, do xenial libro de versos de Ramón Cabanillas "Vento mareiro".

Falla facia.

En Muras (Viveiro) constituéuse un grupo d'"Amigos da Fala".

Saudamos con agarimo a istes novos hirmáns.

Adiante. A facer patria.

Don Santiago Mato Vizoso, primer conselleiro d'Os Amigos da Fala en Vilalba, púxolle música a unha fermosa poesía do seu finado hirmán D. Manoel, que se nomea "A Romaxe de Cardade".

Iste traballo lírico-poético estrenouse n'unha gran velada que celebróu a Xuventude Antoniana d'aquela vila o 31 do derradeiro mes de nadal.

A letra, que estaba inédita, é ispiradísima, y-a música, chea de arte, d'enxebriño. Unha cousa notabre.

Noso parabén a D. Santiago Mato Vizoso.

A Agrupación Cultural d'Ortigueira—que é un verdadeiro ateneo en pequeno—ven organizando unha gran velada literaria pra lembrar o próisimo aniversario da morte de Rosalia Castro, que cumpre en febreiro.

Ortigueira da exemplo en moitas cousas a outros pobos maores.

En Ourense vaise publicare un boletín gallego que se nomeará "O Tío Marcos da Portela", como aquil que fixo famoso Valentín Lamas Carballal.

## Fábrica de biselar grabar e decorar cristal

Espellos de Venecia e de Tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.—Vidros impresos e de total-as cras.—Baldosas pra pisos.

## Narciso F. Pereira

RUA DE PANADEIRAS, 23.—A CRUÑA

La Coruña: Imp. de LA VOZ DE GALICIA



Lo que gusta más á Bebe,  
lo que está esperando con impaciencia,  
es la  
**HARINA LACTEADA NESTLÉ**  
el alimento preferido de los niños.



# Compagnie Generale Transatlantique

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña  
Liña de Nova York

Liña da Habana e Veracruz

O día 23 de xaneiro sairá da Cruña pra  
Habana e Veracruz, o vapor

Ademiti pasaxeiros de primeira (varias

categorías), segunda, preferencia e terceira  
clás e carga.

PRECIO EN TERCEIRA CLAS

A Habana, 268,60 A Veracruz, 282,60

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son le-  
vados a bordo por conta da Compañía.

Liña de Francia á Nova York

Os vapores corrieos de moito andare d'esta  
liña, saen todol-os sábados de Burdeos, e fa-  
cilitanse billetes de primeira e segunda clás.

NOTAS.—Quedan sin efecto total-as tarx-  
tas de visita, pois non se deixa entrare á  
bordo.

## BOLETO PRA SUSCRIBIRSE

D.

miciliado en

scribese por

a A NOSA TERRA.

Firma do interesado:

asuscricións de fora da Cruña teñen que se facer por trimes-  
emestre ou ano.

## LIBREIRIA DE CARRÉ E ALDAO

Neste establecemento atópanse libros e  
revistas moi curiosos, antigos e modernos.  
Cambéanse e mércanse obras.

Rúa da Barreira, esquina a rua estreita  
de San Anudrés.

## O SALÓN PARÍS

Neste elegante e moderno cine de moda  
na Cruña, véñse as milliores xoyas do arte  
cinematográfico.

O que o visita unha vez faise concorrente  
a cotío.

## Os "Previsores do Porvir"

SOCIEDA MODELO

ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 40 millóns de pesetas d'aforro

en 12 anos.

A súa representación na Cruña, ten as ofici-  
nas no número 45-2.º, da Rúa Real.

## M. MIGUEL

Afinador e compoñedor de Pianos.

Avisos: Real, 48.—CRUNA.

## VIÑOS

BRANCOS E TINTOS

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

"Rioxa Ollauri" especial pra familias  
botella sin casco ..... 0'55 ptas.

Pedidos: W. LOSADA

Hotel Continental.

## CONTOS GALLEGOS

— DE —  
**Asieumedre**

Po-a cativa cantidá de dous reás podedes  
ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

## NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben impreatado nos modernos ta-  
lleres da "Voz de Galicia" con xuicios e  
opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet  
Fontenla, Calvo, Xil Casares, etc., por An-  
tón Villar Ponte.

Véndese a 50 CENTIMOS.—Os pedidos fa-  
ránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º.—CRU-  
ÑA. Os suscritores d'este boletín poderán  
adquirilo á metade do prezo sinalado.